

“En grave día vos eu vi”

Retornar aos Cancioneiros



XOSÉ RAMÓN PENA

Publicado polo Centro Ramón Piñeiro, chega onde nós a edición crítica de *O Cancioneiro de Pero Meendiz da Fonseca*, da man da profesora da Universidade da Coruña, Laura Tato Fontaiña. Especializada, sobre todo, no teatro galego anterior á Guerra Civil, coñecemos xa da súa autoría títulos como *Rafael Dieste* (1995), *Historia do Teatro Gaelgo. Das orixes a 1936* (1999) ou a edición crítica *Luís Manteiga. Intres 1934-35* (2005).

Como non deixa de sinalar a propia autora na “Introdución” do seu estudio, o certo é que contamos na actualidade coa edición crítica da maior parte dos trobadores que aparecen nos Cancioneiros e cuxa representación neles –cuantitativa e/ou cualitativa– resulta singularmente destacable. Non obstante, se o anterior é certo, non o é menos aínda que algunhas desas edicións ou ben son de difícil acceso ou mesmo manteñen criterios que, á luz das modernas achegas, precisan de seren matizadas.

En todo caso, non é Pero Meendiz da Fonseca un dos autores cunha presenza de maior relevo canto ao número de cantigas conservadas; de feito, o Cancioneiro da Biblioteca Nacional e mais o da Vaticana recollen apenas un total de cinco cantigas de amor e unha de escarnio. Digamos, pois, que, sen estarmos diante dunha das fi-

guras maiores da nosa tradición, a obra de Meendiz da Fonseca presenta, non obstante, elementos de interese por canto remite a un xogo de intertextualidade que só poden ser axeitamente comprendidas nas coordenadas da época, como acertadamente describe a profesora Tato no presente traballo.

Foi o estudoso portugués António Resende de Oliveira quen localizou documentalmentemente o noso trobador no *Livro de Linhagens* do Conde D. Pedro. Deste xeito, sabemos que se trata de alguén que, precedente da nobreza, frecuentou as cortes de Afonso III e Denis de Portugal; isto é, situándose nas últimas xeracións do lirismo galego-portugués.

Para a edición crítica do texto, Laura Tato Fontaiña acode ao sistema de representación textual no que concordaron especialistas galegos en xuño de 2006. Se ben que non sexa este o lugar preciso para tal, digamos que, da nosa parte, discrepamos canto a algunha das solucións adoptadas. Algo que non impide recibirmos con ledicia un esforzo que, doutra parte, responde adecuadamente aos necesarios criterios de rigor filolóxico propios de textos semellantes. Por todo iso, vaian desde aquí os nosos parabéns.



TATO FONTAÍÑA, Laura, *O Cancioneiro de Pero Meendiz da Fonseca*, Ed. Centro Ramón Piñeiro, Santiago, 2007, 114 páxinas.